

A MULLER NO TEATRO GALEGO:

Charlando con Dorotea Bárcena

Inma Gigirey

Mentres o teatro galego segue a ter problemas para saír adiante, e sofre a falla de locais cunha infraestrutura que teña en conta as necesidades específicas dunha posta en escea...

Mentres as campañas institucionais seguen a estar mal plantexadas, e con subvencións e gratuidade mal entendidas e que trae como consecuencia que o público, non sempre axeitadamente predisposto para o teatro, non valore o que de traballo ten o teatro, e a súa significación no contexto da cultura dun país; mentras isto segue a ser causa de preocupación, tamén contamos en Galicia con boas expectativas, optimistas para algúns, en canto a relación muller- teatro en Galicia.

Hai en Galicia boas actrices, bos grupos de teatro feitos por mulleres, isto é certo, temos exemplos en "Salmántiga", "Malbarate", "Teatro da Lúa", mais de que serve se os dramaturgos se limitan a escribir papeis fortes, importantes, difíciles, só para persoaxes masculinos?.



O teatro en xeral, ten unha maior demanda de papeis femininos que oferta de actrices de alta calidade.

Destaca en Galicia o nome de Dorotea Bárcena, actriz, autora e empresaria do grupo "Teatro na Lúa". A última produción deste grupo: "Sigrid era só unha moneca rota", supón un reto na creación de personalidades femininas que representan en escena a mulleres que poderíamos atopar en calquera punto de Galicia.

Para a súa autora é unha homenaxe a tódalas matriarcas, a todas aquelas mulleres que non fan a historia pero que cada unha delas ten moitas historias vividas. Inda que poida ser un tópico, a realidade galega está chea de loitas, é a muller que traballa, que sofre, que se rompe por dentro, coma unha moneca, mais non cae ao chan, senón que se supera a si mesma e ao entorno social que a desprezia ignorante da súa verdadeira forza.

Calquera de nós, mulleres galegas de hoxe, poderíamos atopar un exemplo deste tipo de muller na nosa propia familia: unha avoa viúva desde moi nova..., unha tía, a nosa nai, e non é tampouco cousa do pasado. De seguro que das súas vidas fariamos un drama con moitos ingredientes: humillacións, soedades, incomunicación.

A incomunicación é en Sigrid...o tema-eixe, mulleres incomunicadas, ignorandas e ignorantes unhas das outras, e enfrontadas por escuros e antigos rencores causados por unha terceira persoa, un home !! non sucede sempre que o amor triunfe por riba das dificultades, neste caso a autora así nolo propón: o triunfo da afectividade e comunicación, porque a muller ha de ser

solidadria coas outras mulleres, ten que rachar cos esquemas masculinos de competencias. Porque se amuller tivese feito unha historia propia, esta non tería sido coma a presente.



Dende esta ideoloxía que a propia Dorotea califica de feminista, tenta reflexa-lo optimismo pola superación, o optimismo da súa mensaxe, esa verdadeira homenaxe á muller galega.

O optimismo dende a negatividade das circunstancias que se sintetizan en cada unha das personaxes tamén se respira en Dorotea Bárcena fóra da escena, na súa confianza en que dentro duns anos a actual situación de autodidactismo e a carencia de tradición escénica en Galicia mellorará, e na confianza en que os dramaturgos comenzarán a crear eses papeis femininos que tantas boas actrices precisan actualmente. ■